



Concello de Burela

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENLORADAS POR CLUBES DEPORTIVOS DO CONCELLO DE BURELA NO EXERCICIO 2025.

PRIMEIRA. OBXECTO

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Burela, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2025, destinadas a promover actividades das asociacións, clubs ou entidades deportivas do Concello de Burela, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

A través da presente convocatoria, propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1.–Obxectivos estratéxicos, ou de primeiro nivel.

- Achegar o deporte ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin.
- A existencia dunha vida deportiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Burela, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.
- A participación activa da veciñanza nunha actividade –o deporte– de claro interese público, como medio de promover a formación das persoas máis novas, e de propiciar a oportunidade de convivencia entre os veciños e veciñas.

1.2.–Obxectivos instrumentais, ou de segundo nivel.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación:

- Promover a participación da veciñanza na vida das entidades, clubs ou asociacións deportivas.
- Promover a complementariedade das asociacións clubs ou entidades, que desenrolan tarefas potencialmente susceptibles de seren asumidos directamente polo propio Concello.

SEGUNDA. GASTOS SUBVENCIONABLES

2.1.- Poderán ser subvencionados, os gastos vinculados a actividades de índole deportiva desenvolvidas polos suxeitos indicados na base cuarta, en particular:

- a) Dereitos de organización do evento/ competicións.
- b) Canon Federacións Deportivas.
- c) Xuíces e árbitros.
- d) Aluguer de equipamentos, material deportivo, instalacións e espazos deportivos (só para aqueles casos que non se celebren en instalacións deportivas municipais).
- e) Material e equipamento deportivo.
- f) Trofeos e medallas.
- g) Seguros para a actividade.
- h) Desprazamentos, aloxamentos e manutención de deportistas, equipos participantes, adestradores, delegados, persoal sanitario, árbitros e xuíces, gastos de vehículos propios ou alugados que sexan usados para desprazamentos, así como o gasto en combustible.
- i) Servizo médico para a actividade, incluído recuperación de deportistas e tratamento fisioterápico.





Concello de Burela

- j) Produtos farmacéuticos (Botiquín).
- k) Carteleira e Publicidade.
- l) Retribucións de monitores deportivos, adestradores e persoal técnico de organización (Segundo Base 14.17 apartado B) das Bases Xerais).
- m) Aluguer de transportes para equipamentos, materiais e infraestruturas necesarios para a actividade.
- n) Cotizacións á Seguridade Social dos traballadores do clube ou asociación.
- ñ) Calquera outro que a Comisión de Valoración estime que pola súa natureza supón un gasto derivado da actividade deportiva do club e que non estea recollido neste apartado.

Non se subvencionarán:

- Aquelas actividades que teñan como único ou principal obxectivo a celebración dunha comida entre os membros da asociación ou entidade deportiva.
- As viaxes que non acrediten o seu carácter eminentemente deportiva.
- A realización de obras.
- As actividades que reciban subvención nominativa recollida no Artigo 40 das Bases de Execución.
- Os gastos de protocolo ou representación e de telefonía móbil

2.2.– Momento de realización dos gastos financiados.

Os gastos para os que se solicite a achega municipal deberán ser efectuados dentro do exercicio 2025.

TERCEIRA. ORZAMENTO

A contía máxima destinada a esta convocatoria ascende a 37.000,00 € imputables á aplicación orzamentaria 341.489.

CUARTA. BENEFICIARIOS

Poderán optar a estas subvencións os clubs deportivos federados existentes no Concello de Burela, legalmente constituídos, e que figuren inscritos no rexistro municipal de asociacións, sempre e cando contén con domicilio social e sede territorial no Concello de Burela e contén cos datos da inscrición estean debidamente actualizados ao momento de solicitar a achega.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nin as referidas no artigo 10 da LS Galicia.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias, AEAT e Facenda, así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

QUINTA. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.–Lugar de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente no rexistro electrónico do Concello de Burela (<https://burela.sedelectronica.es>), de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do





Concello de Burela

procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non se admitirán solicitudes que incumpran o establecido no parágrafo anterior, téndose por non presentadas cando a entidade interesada teña a obriga de relacionarse coa administración por medios electrónicos.

2.–Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será de **20 DÍAS NATURAIS** dende a publicación de anuncio destas bases no BOP. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.

3.–Documentación integrante das solicitudes.

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases e que se publicarán na sede electrónica do Concello de Burela <https://burela.sedelectronica.es>.

4.- Publicidad.

Darase publicidade ás presentes bases polo conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións, segundo o disposto na LXS. As bases publicaranse no BOP e na sede electrónica do Concello de Burela.

SEXTA. DOCUMENTACIÓN, TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

1. DOCUMENTACIÓN DE SOLICITUDE:

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases e que se publicarán na sede electrónica do Concello de Burela <https://burela.sedelectronica.es>.

Solicitud de subvención de acordo co modelo previsto no ANEXO 1 das presentes bases. Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

- a) Certificación expedida polo organismo competente na que se acredite a súa inscrición no Rexistro de Asociacións de interese deportivo.
- b) Declaración responsable expedida polos órganos representativos da entidade, na que se faga constar o número de socios/as ao corrente de cotas e as efectivamente cobradas no exercicio actual e no precedente (ANEXO 2)
- c) Breve memoria das actividades desenroladas no ano anterior (tempada 23-24).
- d) Proxecto ou memoria da/s actividade/s a realizar, xustificativa da necesidade da subvención que se solicita, indicando o orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución, así como os sistemas de seguimento e autoavaliación da execución do proxecto (tempada 24-25).
- e) Declaración responsable do/a representante legal da entidade segundo ANEXO 3.
- f) Copia do documento nacional de identidade do/a representante da entidade.
- g) Copia dos estatutos da entidade, inscritos no rexistro correspondente. No caso de telos presentado con anterioridade, deberá achegar certificado do/a secretario/a da entidade de non ter producidas modificacións.
- h) Certificación acreditativa da entidade do acordo de solicitude, nomeamento do representante, domicilio social e membros da actual xunta directiva (ANEXO 4).
- i) Declaración xurada do/a representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade (ANEXO 5).
- j) Copia do CIF da entidade.
- k) Documentación con valor probatoria dos criterios obxecto de valoración.





Concello de Burela

1. Deporte base mediante certificación da federación correspondente.
2. Número de licenzas federativas de todas as categorías do clube mediante certificación da federación correspondente.
3. Fomento da paridade entre sexos mediante certificación da federación correspondente.
4. Organización de actividades, torneos, eventos, etc, así como, participar nas actividades organizadas dende o Concello mediante certificación do secretario da asociación onde faga constar os torneos e actividades organizadas dende o Concello nas que participen.
5. Gastos federativos mediante documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil, con acreditación de terse realizado o pago
6. Nivel de competición deportiva mediante certificación da federación correspondente.
7. Antigüidade do club segundo data de constitución aportada mediante certificación do secretario da asociación.
8. Técnicos deportivos titulados e acreditados mediante copia compulsada da documentación, acompañada de certificación do secretario da asociación acreditativa de dispor de ditos medios persoais.
9. Por éxitos obtidos na tempada anterior mediante certificación da federación correspondente ou declaración responsable do clube ou asociación.
10. Número de socios da entidade, mediante certificado da asociación.
11. Gastos de transporte para competición, mediante factura oficial.
12. Promoción de Burela como reclamo turístico, mediante soporte fotográfico, recortes de prensa ou calquera outro soporte.

l) Certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria Estatal, Facenda da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

m) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

Toda a documentación que se presente deberá vir asinada electronicamente, non admitíndose calquera outro medio de sinatura.

2. TRAMITACIÓN:

Constituirase unha Comisión de Valoración presidida por la Alcaldesa, ou persoa en quen delegue, e integrada polos/as seguintes vogais:

- Concelleiro-delegado da área de deportes.
- Técnico municipal de deportes.
- Actuando como secretaria a técnico local de emprego.

Sen prexuízo da antedita composición, poderán asistir ás reunións do citado órgano un representante de cada grupo político que foman parte da corporación municipal, con voz pero sen voto.

A Comisión de Valoración encargada da instrución do procedemento, avaliará as solicitudes presentadas tendo en conta os criterios e baremos que figuran nas presentes bases e a documentación aportada polas asociacións. Aqueles aspectos, dúbidas ou incidencias que non queden desenvolvidos de xeito explícito nestas bases, serán resoltos pola Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración realizará o procedemento de asignación da puntuación a cada club ou asociación solicitante en base á documentación aportada. En función da puntuación determinarase a cuantía económica correspondente a cada entidade solicitante.

No caso de non presentar algún dos documentos e xustificacións que se sinalan no apartado anterior das bases desta convocatoria, polo órgano instrutor comunicárase ao interesado concedéndolle un prazo de dez días para que poida achegar os documentos requiridos. Transcorrido devandito prazo poderáselles excluír da convocatoria e procederase ao arquivo da súa petición.





Concello de Burela

3. RESOLUCIÓN:

A Comisión de Valoración elaborará e presentará a proposta de acordo debidamente motivada á Concellería de Deportes do Concello de Burela, que a elevará, si a considera acertada e axustada á normativa, como proposta de acordo á Xunta Local de Goberno, que será o órgano encargado da resolución, que será notificada ás asociacións. A resolución require de previa fiscalización pola intervención municipal.

O prazo máximo de resolución será, como máximo, de 3 meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para obter a cantidade económica da subvención é necesario que a cantidade económica da partida orzamentaria destinada á subvención divídase polo resultado de sumar os puntos de todos os proxectos presentados. A citada operación aritmética dará como resultado o valor dun punto. Logo multiplíquese dita cantidade polo número de puntos de valoración do proxecto en cuestión.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

No prazo de cinco (5) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiarios/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Burela, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

De acordo co previsto no artigo 30 do RD 887/06, no mes seguinte ao trimestre natural en que se resolva a distribución de achegas ao abeiro desta convocatoria, procederase a publicar a relación de entidades beneficiarias, nos termos indicados en dita norma.

SÉTIMA. CRITERIOS OBXECTIVOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

O procedemento asignado para a concesión das distintas solicitudes será en réxime de concorrência competitiva, mediante uns criterios de concesión das axudas referidos á tempada 2024/2025.

O cuantía da subvención concederáse segundo os puntos que obteñan de acordo cos criterios de concesión.

O “valor do punto” obtense dividindo o 100% do orzamento desta convocatoria entre o total de puntos obtidos por todas as solicitudes da mesma que obteñan polo menos 1 punto.

Os criterios de concesión das axudas son os seguintes:

1. Deporte base (máximo 30 puntos).

Enténdese por deporte de base, toda actividade destinada a fomentar o coñecemento do deporte dunha especialidade dada, dende as categorías inferiores, isto é pre-benxamín ata xuvenís (inclusivos).

Valorárase que o club ou entidade deportiva estea integrado por deportistas ata os 18 anos, puntuándose con 4 puntos cada equipo integrante do clube.





Concello de Burela

2. Por número de licenzas federativas de todas as categorías do clube.

Teranse en conta o número de practicantes da actividade deportiva correspondente sempre e cando conte con licenza federativa en regra.

A puntuación neste apartado será baremada nos seguintes termos:

- Entre 5 e 20 licenzas federativas: 3 punto.
- Entre 21 e 50 licenzas federativas: 6 puntos.
- Entre 51 e 80 licenzas federativas: 10 puntos.
- Entre 81 e 110 licenzas federativas: 15 puntos.
- Máis de 111 licenzas federativas: 20 puntos.

3. Fomento da paridade entre sexos (máximo 12 puntos).

Valórase a paridade entre sexos existente na entidade deportiva ou club. A máis igualdade entre número de deportistas de ambos sexos, maior puntuación.

- a) Si a porcentaxe de deportistas do club cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 41% e o 50%: 12 puntos.
- b) Si a porcentaxe de deportistas do club cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 31% e o 40%: 8 puntos.
- c) Si a porcentaxe de deportistas do club cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 21% e o 30%: 4 puntos.
- d) Si a porcentaxe de deportistas do club cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 11% e o 20%: 2 puntos.
- e) Si a porcentaxe de deportistas do club cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 5% e o 10%: 1 punto.

4. Participación nas actividades organizadas ou patrocinadas dende o Concello.

Puntuarase a participación ou organización de actividades onde o Concello de Burela sexa o organizador, puntuando un so clube por cada evento.

- 3X3 de Fútbol (5 puntos/día).
- Fútbol Praia (5 puntos/día).
- 3X3 de Baloncesto (5 puntos/día).
- Día da Bici (5 puntos).
- Volei praia (5 puntos/ día)
- Curso de surf, actividades de verán (4 puntos/ semana)
- Colaboración con escolas deportivas ou actividades de verán (3 puntos/día).
- Calquera outra actividade que a Concellería de Deportes estime oportuno.

Nas actividades deberá de comparecer o Concello de Burela como organizador ou coorganizador, e deberán xustificarse as actividades mediante cartel anunciador, fotos da actividade, recortes de prensa, informe de Técnico de Deportes ou calquera outro soporte que demostre a realización da actividade e a participación do Concello de Burela na mesma.

5. Gastos federativos (máximo 20 puntos).

Teranse en conta os gastos soportados durante o exercicio 2024 correspondente a tempada 24-25. Enténdense por gastos federativos, os seguintes: pago das fichas, pago da mutua ou seguro (revisión médica), pago de cota á Federación, pago a Federación por inscrición aos campionatos oficiais que ten a potestade de organizar esta, pagos en concepto de arbitraje, etc. Obterase 1 punto por cada 500 euros de gasto. As fraccións contabilízanse redondeándose ao alza en 1 punto.





Concello de Burela

6. Nivel de competición deportiva (máximo 20 puntos).

Terase en conta unicamente o nivel máis alto de calquera dos seus equipos/conxuntos/deportistas. Deberase xustificar a través de calendarios de competición, actas de resultados ou na súa falta certificado da Federación Territorial correspondente, nos que se poida observar ou distinguir categoría e ámbito da competición deportiva.

- a) Internacional: 20 puntos.
- b) Nacional: 15 puntos.
- c) Autonómica: 8 puntos.
- d) Provincial: 2 punto.
- e) Rexional: 1 punto.

7. Antigüidade do club (máximo 8 puntos).

- a) Ata 5 anos: 1 puntos.
- b) De 6 a 10 anos: 2 puntos.
- c) De 11 a 15 anos: 4 puntos.
- d) De 16 a 20 anos: 6 puntos.
- e) 21 ou máis anos: 8 puntos.

8. Técnicos deportivos titulados e acreditados (máximo de 10 puntos).

Enténdese polo adestrador aquela persoa que teña o club ou entidade deportiva solicitante para preparar ao equipo na práctica da actividade deportiva correspondente. Esta persoa deberá dispoñer do título en vigor que lle faculte para iso. (Deberase aportar copia do título correspondente ou certificado federación correspondente e función que desempeña, acompañada de certificación do secretario da asociación acreditativa de dispor de ditos medios persoais). Segundo o tipo de titulación acreditada a puntuación por cada técnico deportivo titulado e acreditado será:

- a) Licenciando/Adestrador Superior ou nacional (Nivel III): 3 puntos.
- b) Diplomado/ Adestrador autonómico (Nivel II): 2 puntos.
- c) Adestrador provincial/técnico deportivo (Nivel I): 1 puntos.

9. Por éxitos obtidos na tempada 2024/2025 (máximo de 30 puntos).

Terase en conta de acordo coa seguinte escala.

a.- Categoría Superior independentemente do xénero dos/as xogadores/as.

1. Campión competición:

- Internacional: 20 puntos.
- Nacional: 15 puntos.
- Autonómica: 8 puntos.
- Provincial: 2 punto.
- Rexional: 1 punto.

2. Ascenso de categoría:

- Nacional: 15 puntos.
- Autonómica: 8 puntos.
- Provincial: 2 punto.
- Rexional: 1 punto.





Concello de Burela

b.- Categoría Xuvenil independentemente do xénero dos/as xogadores/as.

1. Campión competición:

- Nacional: 5 puntos.
- Autonómica: 3 puntos.
- Provincial: 2 punto.
- Rexional: 1 punto.

2.- Ascenso de categoría:

- Nacional: 3 puntos.
- Autonómica: 2 puntos.
- Provincial: 1 punto.

c.- Categoría Cadete independentemente do xénero dos/as xogadores/as.

1. Campión competición:

- Nacional: 5 puntos.
- Autonómica: 3 puntos.
- Provincial: 2 punto.
- Rexional: 1 punto.

2.- Ascenso de categoría:

- Nacional: 3 puntos.
- Autonómica: 2 puntos.
- Provincial: 1 punto.

d.- Categoría Infantil independentemente do xénero dos/as xogadores/as.

1. Campión competición:

- Nacional: 5 puntos.
- Autonómica: 3 puntos.
- Provincial: 2 punto.
- Rexional: 1 punto.

2.- Ascenso de categoría:

- Nacional: 3 puntos.
- Autonómica: 2 puntos.
- Provincial: 1 punto.

e.- Categoría Alevín independentemente do xénero dos/as xogadores/as.

1. Campión competición:

- Nacional: 5 puntos.
- Autonómica: 3 puntos.
- Provincial: 2 punto.
- Rexional: 1 punto.





Concello de Burela

10. Por número de socios da entidade (máximo 7 puntos).

Terase en conta o número de socios/as rexistrados no libro de socios/as da entidade na data da solicitude da axuda e terase que demostrar por parte do Club que todos os socios/as están ao corrente de pago das súas cota para poder contabilizalo neste apartado.

- De 15 a 50 socios/as: 1 punto.
- De 51 a 100 socios/as: 3 puntos.
- De 101 a 200 socios/as: 5 puntos
- Máis de 201 socios/as: 7 puntos

11. Por gastos de transporte para competición (máximo 15 puntos).

Valorarase o gasto en medios de transporte para os desprazamentos que os equipo fagan para a disputa das súas competicións deportivas. Os gastos terán que ser xustificados mediante factura oficial e valoraranse coa seguinte puntuación:

- Gastos entre 1.000 euros e 2.000 euros: 1 punto.
- Gastos entre 2.001 euros e 3.000 euros: 3 puntos.
- Gastos entre 3.001 euros e 5.000 euros: 6 puntos.
- Gastos entre 5.001 euros e 7.500 euros: 9 puntos
- Gastos entre 7.501 euros e 10.000 euros: 12 puntos
- Gastos de máis de 10.001 euros: 15 puntos.

12. Promoción de Burela como reclamo turístico (5 puntos).

Puntuarase con 5 puntos a promoción turística de Burela mediante a impresión nas equipacións deportivas de competición durante a tempada 2024/2025, os símbolos turísticos de Burela ou a impresión do escudo do Concello de Burela.

Xustificarase mediante soporte fotográfico, recortes de prensa ou calquera outro soporte que serva para demostrar a promoción na roupa deportiva dos equipos.

O importe mínimo polo que será concedida a subvención é de 300 €. No caso de non acadar a puntuación precisa para obter dito importe, a asociación ou clube correspondente non terá dereito a achega algunha.

OITAVA. OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Unha vez publicada a concesión da subvención e sempre dentro dos prazos máximos establecidos, a entidade beneficiaria estará obrigada a:

- a) Realizar a actividade subvencionada.
- b) O cumprimento dos requisitos mínimos establecidos nesta convocatoria.
- c) Comunicar con polo menos quince días de antelación calquera modificación do lugar ou a data de celebración da actividade, salvo causas sobrevidas que teñan imposible realizar dita comunicación co prazo descrito.
- d) Aportar os datos que se soliciten por parte da Concellería de Deportes no referente á preparación, desenvolvemento e organización da actividade.
- e) Cumprir todas as normas establecidas na Lexislación aplicable de Subvencións, nas Bases desta convocatoria.
- f) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a responsabilidade persoal da persoa que subscriba a solicitude de subvención.
- g) Deberán empregar o logotipo do Concello de Burela, ou outro que se acorde, en todas as





Concello de Burela

actividades e comunicacións que haxan promovido e que promovan, así como facer constar a colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Burela en todas as publicacións, carteis, documentación impresa da competición.

h) Autorizar a publicación da información detallada sobre o proxecto de actividade a desenvolver ou sobre a actividade desenvolvida na web do Concello de Burela ou en calquera outro medio ou soporte.

i) Unha vez outorgadas as subvencións, o Concello de Burela, a través dos seus servizos municipais, poderá comprobar a adecuación do destino da subvención procedendo, no suposto de non adecuarse ao prefixado, á revogación da subvención concedida e á inhabilitación da entidade para os efectos de non poder volver solicitar do Concello de Burela novas peticións.

j) Prestar o servizo de xestión baixo os principios de transparencia, eficacia, eficiencia, calidade, seguridade e bo goberno.

Serán de aplicación así mesmo as obrigas do artigo 14 LXS e artigo 11 LSG.

NOVENA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

O prazo de xustificación finalizará o 19 de novembro de 2025.

2.-DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

2.1. Tendo en conta que a rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario é polo que unha vez finalizada a/as actividades e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da/s actividades subvencionadas.

Documentación a presentar:

- **Memoria de actuación xustificativa** e custo total da/s actuación/s realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, explicitando a duración da actividade e o nivel de resultados obtidos.

- **Memoria económica xustificativa** do custo da actuación realizada, que conterá:

1- Certificación da entidade beneficiaria de que foi cumprida a finalidade para a cal se outorgou a subvención (Anexo 6).

2- Conta xustificativa dos gastos realizados (Anexo 7).

3- Facturas de gasto e demais documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil, así como os xustificantes bancarios do seu pagamento, en que consten a identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir coa entidade beneficiaria da axuda, e a identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa que emitiu a factura.

En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

- Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.
- Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á Seguridade Social (RNT e RLC), así como os documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

4- Declaración xurada do/a representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade/s (Anexo 5)





Concello de Burela

5- Declaración xurada segundo anexo 8.

6- Carteis e/ou folletos informativos que se utilizaran para publicitar a actividade. A difusión da actividade deberá ser levada a cabo en lingua galega, facéndose constar en todo caso a colaboración do Concello de Burela. Respectando en todo momento o criterio de proporcionalidade na publicidade da actividade. A citada acreditación farase coa indicación de patrocinio do Concello de Burela e co seu escudo.

Ao respecto das correspondentes comprobacións estarase ao disposto na LXS e na LS Galicia.

3.- REXISTRO DA DOCUMENTACIÓN.

As xustificacións deberán presentarse obrigatoriamente no rexistro electrónico do Concello de Burela (<https://burela.sedelectronica.es>), de acordo co establecido na Lei 39/15, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non se admitirán xustificacións que incumpran o establecido no parágrafo anterior, téndose por non presentadas cando a entidade interesada teña a obriga de relacionarse coa administración por medios electrónicos.

Para os efectos da xustificación documental, admitiranse copias sempre que en cumprimento do disposto no artigo 73 do regulamento de desenvolvemento da lei de subvencións, con carácter previo ao rexistro da xustificación e a elaboración da copia, se reflectise sobre o orixinal da factura unha estampilla co selo do concello de Burela, ou ben coa seguinte mención "factura empregada para xustificar unha achega ante o Concello de Burela" por parte do persoal de intervención.

4.-TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN.

Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase á aprobación, se é o caso, das xustificacións presentadas.

Para o cobro da subvención, as entidades beneficiarias deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Burela.

DÉCIMA. REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e 33 da LSGalicia.

UNDÉCIMA. OUTRAS SUBVENCÍONS OU AXUDAS

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do concello de Burela.

DUODÉCIMA. RÉXIME SANCIONADOR

Os/as beneficiarios/as de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime





Concello de Burela

sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións, Lei de Subvencións de Galicia e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85).

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira.

A falta de xustificación na forma e nos prazos sinalados poderá ocasionar as responsabilidades que correspondan.

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse a todas as actuacións que este poida acordar para comprobar que os fins ós que se dedica a subvención se corresponden cos fins para os que se solicitara e concedera a axuda, e para verificar que se cumpren todas as condicións esixidas para a concesión da subvención ou axuda.

Disposición adicional segunda.

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2024, prorrogado para o ano 2025, na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Burela, publicada no BOP de 15 de outubro de 2005, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento, en canto resulte de aplicación, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Estarase así mesmo ao disposto na referida normativa para o suposto de existencia de contradición.





Concello de Burela

ANEXO 1

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

DATOS DA ENTIDADE OU CLUB DEPORTIVO		
Denominación social:		CIF:
Enderezo social:		CP:
Localidade:	Provincia:	Teléfono:
Número de Rexistro Municipal de Asociacións:		Número de asociados:

DATOS DO/A REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:		DNI:
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono/s:	Correo electrónico:	

Tendo coñecemento da liña de axudas convocadas polo Concello de Burela para a promoción de actividades realizadas por asociacións deportivas durante o exercicio 2025, **SOLICITO** ao abeiro da mesma a concesión dunha axuda para a realización da actividade indicada a continuación:

--

Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar a seguinte documentación:

- Certificación expedida polo organismo competente na que se acredite a súa inscrición no Rexistro de Asociacións de interese deportivo.
- Declaración responsable expedida polos órganos representativos da entidade, na que se faga constar o número de socios/as ao corrente de cotas e as efectivamente cobradas no exercicio actual e no precedente (ANEXO 2).
- Breve memoria das actividades desenroladas no ano anterior (tempada 23-24).
- Proxecto ou memoria da/s actividade/s a realizar, xustificativa da necesidade da subvención que se solicita, indicando o orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución, así como os sistemas de seguimento e autoavaliación da execución do proxecto (tempada 24-25).
- Declaración responsable do/a representante legal da entidade segundo ANEXO 3.
- Copia do documento nacional de identidade do/a representante da entidade.





Concello de Burela

- g) Copia dos estatutos da entidade, inscritos no rexistro correspondente. No caso de telos presentado con anterioridade, deberá achegar certificado do/a secretario/a da entidade de non ter producidas modificacións.
- h) Certificación acreditativa da entidade do acordo de solicitude, nomeamento do representante, domicilio social e membros da actual xunta directiva (ANEXO 4).
- i) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade (ANEXO 5).
- j) Copia do CIF da entidade.
- k) Documentación con valor probatoria dos criterios obxecto de valoración.
1. Deporte base mediante certificación da federación correspondente.
 2. Número de licenzas federativas de todas as categorías do clube mediante certificación da federación correspondente.
 3. Fomento da paridade entre sexos mediante certificación da federación correspondente.
 4. Organización de actividades, torneos, eventos, etc, así como, participar nas actividades organizadas dende o Concello mediante certificación do secretario da asociación onde faga constar os torneos e actividades organizadas dende o Concello nas que participen.
 5. Gastos federativos mediante documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil, con acreditación de terse realizado o pago
 6. Nivel de competición deportiva mediante certificación da federación correspondente.
 7. Antigüidade do club segundo data de constitución aportada mediante certificación do secretario da asociación.
 8. Técnicos deportivos titulados e acreditados mediante copia compulsada da documentación, acompañada de certificación do secretario da asociación acreditativa de dispor de ditos medios persoais.
 9. Por éxitos obtidos na tempada anterior mediante certificación da federación correspondente ou declaración responsable do clube ou asociación.
 10. Número de socios da entidade, mediante certificado da asociación.
 11. Gastos de transporte para competición, mediante factura oficial.
 12. Promoción de Burela como reclamo turístico, mediante soporte fotográfico, recortes de prensa ou calquera outro soporte.
- l) Certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria Estatal, Facenda da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- m) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

SINATURA DIXITAL DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

_____, _____ de _____ de 2025





Concello de Burela

ANEXO 2

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE DO NÚMERO DE SOCIOS/AS AO CORRENTE DE COTAS NO EXERCICIO ACTUAL E NO PRECEDENTE

D.D^a _____, con DNI número _____,
na miña condición de representante da entidade _____, con
CIF número _____

Declarao baixo xuramento e a miña responsabilidade:

Que o número de socios/as ao corrente de cotas no exercicio actual _____ é de
_____.

Que o número de socios/as ao corrente de cotas no exercicio precedente _____ é de
_____.

SINATURA DIXITAL DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

_____, _____ de _____ de 2025





Concello de Burela

ANEXO 3

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

D.D^a _____, con DNI número _____,
na miña condición de representante da entidade _____, con
CIF número _____

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

- Que COÑEZO E ACEPTO as bases da convocatoria promovida polo Concello de Burela para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións deportivas no exercicio 2025, e que non estou incurso de incompatibilidade ou incapacidade algunha para contratar e percibir subvencións da administración pública.
- Que a entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións, nin as recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que a entidade por min representada está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non estando incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiario dunha achega ao abeiro da presente convocatoria.
- Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades ou investimentos subvencionados o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Burela, inserindo o seu logo oficial en todo o material que se utilice para dita difusión.
- Que a entidade por min representada se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello da Burela poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

SINATURA DIXITAL DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

_____, _____ de _____ de 2025





Concello de Burela

ANEXO 4

CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA ENTIDADE DO ACORDO DE SOLICITUDE, NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE, DOMICILIO SOCIAL E MEMBROS DA ACTUAL XUNTA DIRECTIVA

D.D^a _____, con DNI número _____,
secretario/a da entidade _____, con CIF
número _____

CERTIFICO:

1- Que na reunión da xunta directiva da mencionada entidade, celebrada o día ____/____/____ adoptouse o acordo de presentación da seguinte solicitude: Convocatoria de subvencións para a promoción de actividades deportivas desenroladas por clubs deportivos do concello de Burela no exercicio 2025.

2- Que así mesmo, acordouse nomear a D./D^a. _____ con DNI número _____ representante para as relacións desta entidade co Concello de Burela.

3- Que na devandita reunión acordouse así mesmo aceptar as bases da convocatoria, e os compromisos que nela se inclúen.

4- Que o domicilio social actual da nosa entidade é: _____

5- Que os membros actuais da xunta directiva da nosa entidade son:

CARGO	NOME E APELIDOS	DNI

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación.

Lugar e data
_____, _____ de _____ de 2025

O/A secretario/a

Vº e Prace,
O/A Presidente/a

Asdo.: _____

Documento asinado dixitalmente

Cod. Validación: 5KHFLHR9SRTFZ542XASXJATE
Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 22





Concello de Burela

ANEXO 5

DECLARACIÓN XURADA DO/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE DAS AXUDAS/SUBVENCÍONS OU PATROCINIOS (sen achega económica) SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PARA A MESMA ACTIVIDADE

D.D^a _____, con DNI número _____,
na miña condición de representante da entidade _____, con CIF número _____

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

☐

Que non solicitamos nin nos concederon outra axuda ou subvención doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas para a actividade para a que solicitamos subvención.

☐

Que a seguinte táboa sinala a/s outra/s axuda/s ou subvención/s solicitadas e/ou concedidas por outras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, para a actividade, acción ou comportamento _____ sendo esta a mesma para a que solicitamos subvención ao Concello de Burela ao amparo da convocatoria de subvencións para a promoción de actividades deportivas desenroladas por clubs deportivos no ano 2025:

RELACIÓN DETALLADA

CONCEPTO (marque cunha cruz "X")		PROCEDENCIA	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		
			€
			€

TOTAL AXUDAS OU SUBVENCÍONS	€
-----------------------------	---

☐

Outros patrocinios sen achegas económicas doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, tal como figura na seguinte relación detallada dos patrocinios (sen achegas económicas) obtidos para o mesmo obxecto ou actividade

RELACIÓN DETALLADA

PATROCINIO DE	EN CONCEPTO DE

Para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración

SINATURA DIXITAL DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

_____, _____ de _____ de 2025





Concello de Burela

ANEXO 6

CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DA FINALIDADE

D.D^a _____, con DNI número _____,
secretario/a da entidade _____, con CIF
número _____

CERTIFICO:

Que a entidade _____, con CIF
número _____ desenvolveu a/as actividade/s subvencionada/s na súa totalidade
cumprindo as condicións que orixinaron a concesión da subvención, tal e como se especifica na
memoria explicativa.

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación.

Lugar e data

_____, _____ de _____ de 2025

O/A secretario/a

Vtº e Prace,
O/A Presidente/a

Asdo.: _____

Documento asinado dixitalmente





Concello de Burela

ANEXO 7

CONTA XUSTIFICATIVA

D.D^a _____, con DNI número _____,
na miña condición de representante da entidade _____, con
CIF número _____

DECLARO:

Que o custo total da/s actividade/s subvencionada/s soportado pola entidade para cuxa realización o Concello de Burela lle concedeu unha subvención, para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións deportivas, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2025, ascendeu ao seguinte importe:

GASTOS REALIZADOS

Expedidor da factura e CIF	Nº de factura	Data de expedición	Concepto	Importe	Data pagamento
			SUMA (CUSTO TOTAL) *		

INGRESOS QUE FINANCIARON A/S ACTIVIDADE/S

FINANCIAMENTO	IMPORTE
Subvención concedida polo Concello de Burela	
Subvencións doutras administracións	





Concello de Burela

Outras fontes de financiamento	
Fondos propios	
SUMA *	

SINATURA DIXITAL DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

_____, _____ de _____ de 2025





Concello de Burela

ANEXO 8

DECLARACIÓN XURADA

D.D^a _____, con DNI número _____,
na miña condición de representante da entidade _____, con
CIF número _____

DECLARO BAIXO XURAMENTO E A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que a entidade que represento non é debedora por resolución de procedencia de reintegro.

- Que a entidade que represento:

☐ Si asumiu o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de
compensalo ou recuperalo.

☐ Non asumiu o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE).

SINATURA DIXITAL DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

_____, _____ de _____ de 2025

